



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE XULLO DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
(Escusa asistencia)	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
(Escusa asistencia)	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES

Secretaria D^a. MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/06/2026)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 30/06/2026 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o exercicio 2027.

A Secretaria da Corporación municipal dá lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 16/07/2026 no que literalmente figura o seguinte:

“Dáse conta da comunicación da Subdirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dando conta das festas de ámbito estatal e autonómica para o exercicio 2027.

Así mesmo interesan a designación dos dous días que teñen carácter de festas locais por tradición propia segundo establecen os artigos 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descanso.

Propónse ao pleno:

PRIMEIRO.- Designar como festas de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal para o ano 2027 :



Día do Patio: 20 de setembro.

Santa Baia: 10 de decembro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración”.

A Presidencia di que como é tradicional a postura do grupo de goberno é manter os festivos de Vedra tradicionais (o día do Patio e Santa Baia), coa excepción de se cae a Santa Baia en sábado ou domingo, cambialo pola Ascensión.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que dende o seu grupo consideran que os festivos locais teñen que responder ás solicitudes dos veciños. A festividade do Patio e da Santa Baia é importante para os veciños de Santa Cruz e Vedra, respectivamente; pero non representa a totalidade do concello. Moitos veciños fixéronlles saber que sexa festivo o día da Ascensión, xa que é festivo en Santiago e case todos os concellos da contorna e moitos traballan en Santiago. Así como o martes de carnaval, que é unha celebración arraigada no concello.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e tres en contra do BNG.

3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía (do 20/06/2026 ao 16/07/2026).

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía aprobadas no período entre o 20/06/2026 e o 16/07/2026 comprendidas nos números 658 – 754.

O pleno dáse por informado.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á revisión do convenio e o contrato coa nova empresa que xestiona o SAF, di que esta semana houbo unha reunión dos representantes sindicais coa empresa sobre esas cuestións e está pendente outra reunión. Para as vindeiras semanas reunirase o concello coa propia empresa e cos sindicatos.

2º.- Sobre cal é o tempo medio de recollida de voluminosos no concello, a Presidencia di que é complicado establecer un tempo medio. Aproximadamente está en un mes e medio, máis tempo do que lle gustaría.

Existe un problema que está detectado e que están intentando solucionar. Nos meses de verán agrávase o retraso polas vacacións do persoal, polo aumento das limpeza nas casas, etc.

Tamén detectaron unha falta de concienciación por parte dos veciños deste servizo. Ás veces chaman para recoller unha neveira e dúas rodas e cando chegan ao domicilio enchen o camión co que teñen que recoller, co cal as retiradas previstas para realizar esa mañá xa non se dá feito; con independencia do retraso que existe.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a reparación da varanda do campo da festa de Picón, di que está en marcha e farase o máis pronto posible.



5.- Rogos e preguntas:

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Sobre a recollida de voluminosos, se os veciños fan iso, debería existir un rexistro no que figurase o que se vai recoller para que non pasase iso.

A Presidencia contesta que ese rexistro xa existe, pero cando chegan ao domicilio non lle van deixar alí o resto.

Conclúe ao fin das vinte horas e corenta e dous minutos.